



13/06_20:30 H

SALA MOZART. AUDITORIO DE GALICIA

DO MAR E A NOITE

Anthony Randall (1930)

Three Poems (2010) **

Do Not Go Gentle Into That Good Night (2000)**

Fernando Buide (1980)

Nao de sangue* (obra encargo do Trío Preseli)

*Estrea absoluta **Estrea en España

TRÍO PRESELI

María Hinojosa, soprano

Simon Lewis, trompa

Daniel Pereira, piano

Trío Preseli

O Trío Preseli está formado pola soprano María Hinojosa Montenegro, o pianista Daniel Pereira e o trompista Simon Lewis. Estes músicos son solistas e especialistas nos repertorios de música de cámara e orquestral e, xuntos gravaron dous tríos do galés Anthony Randall, cuxo traballo aportou obras de gran beleza e sentimento ao repertorio desta agrupación. O Trío Preseli tamén presenta novas e apaixonantes interpretacións de obras mestras para esta orquestración, como *Auf Dem Strom* de Franz Schubert ou *Alphorn* de Richard Strauss. Esta flexibilidade para mesturar repertorio establecido e obras de encarga é o selo deste ensemble.

María Hinojosa Montenegro, soprano

Licenciada en canto e *lied* e premio fin de carreira na ESMUC, foi nomeada Mellor Actriz Musical en 2007 e 2011 e gañadora do Premio da Crítica nos Premios Butaca. Ten cantado en Musikverein, Theater an der Wien, Colón de Bos Aires, Arena de Verona, Opera Philadelphia, Liceu, Auditori, Palau de la Música, Palau de les Arts, Teatro Real e Auditorio Nacional baixo a dirección de Pons, Heras Casado, Marriner, Bolton, Antonini, Onofri, Dantone, Alessandrini ou Biondi. En escena traballou xunto a Albertí, La Fura dels Baus, Els Comediants, Negrín, Carsen ou Pasqual. En 2017 debutou no Musikverein co Concentus Musicus Wien. Ten gravado xunto a Garrido, Dantone, García Alarcón e Cappella Mediterránea, zarzuelas barrocas dirixidas por Pablo Heras Casado e discos coa Orquesta Barroca de Sevilla baixo a dirección de Onofri e Moretto, e rexistros para RNE, Catalunya Radio, BBC Radio, Radio France e ORF.

Simon Lewis, trompa

O trompista galés Simon Lewis estudou no Royal Welsh College of Music e na Zürich School of Arts e traballou en orquestras como Welsh National Opera, Malaysian Philharmonic Orchestra, Tonhalle Orchestra Zürich, Gürzenich Orchestra de Colonia, Real Filharmonía de Galicia ou Sinfónica de Galicia. Participa en festivais de música de cámara como Return Festival en Yerevan (Armenia), Jyväskylä Chamber Music Festival en Finlandia ou European Music Festival en Neerpelt, Bélxica. Foi invitado como asistente do Profesor Nigel Downing no curso Singing on the Wind entre 2010 e 2013. É trompista da Staatsorchester Rheinische Philharmonie en Koblenz, Alemaña e da Oviedo Filarmonía. É un dos membros fundadores do Ensemble ConcertArt e como solista ten interpretado concertos de Mozart, Bowen, Arnold e Rosetti en Gran Bretaña e Suíza.

Daniel Pereira, piano

Pianista, profesor e investigador, Daniel Pereira realizou un doutorado en artes musicais na Universidade de Maryland, un mestrado na Universidade de Hartford e un diploma de artista na Estatal de Nova York. Lanzou o dobre CD 90 *Scriabin Complete Piano Preludes* para Odradek Records do que Melómano destacou o seu pianismo realmente delicioso” e Ritmo que “Pereira ofrécenos a alma de cada obra.” Os International Piano Archives at Maryland publican o seu proxecto *Tradiciones Pianísticas*, así como Melómano Digital en España. International Piano publicou o artigo *Rooted in Tradition* sobre o mesmo proxecto. Pereira editou *We Can't Always Play Waltzes* para Carl Fischer e *The Teaching of Alfred Cortot* para Clavier Companion. Residiu 14 anos en EE. UU. e en Londres, foi pianista da ESAD de Málaga e do Real Conservatorio de Danza Mariemma de Madrid. É profesor do Conservatorio Profesional de Vigo.

Graduado pola Universidade de Gales e da Royal Academy of Music, **Anthony Randall** (Neath, Gales, 1930) é un recoñecido compositor, trompista e director de orquestra con máis de 200 transmisións para a BBC, ademais das gravacións de estudo de música de concertos e películas. Como intérprete, desenvolveu a súa carreira con todas as orquestras londinienses como a Filharmónica de Londres ou a Orquestra de Cámara Inglesa e ten realizado moitas aparicións como solista en Londres, Edimburgo e Lucerna. Foi profesor de trompa no London College of Music e na Royal Military School of Music Kneller Hall.

O famoso poema de Dylan Thomas, *Do Not Go Gentle Into That Good Night* (Non entres docilmente nesa noite queda), é unha obra mestra da lingua inglesa traducida a varios idiomas inspirada na morte do seu pai que explora a difícil relación paterno filial. Unha peza esencialmente romántica de natureza rapsódica na que o compositor explora as posibilidades expresivas nun estilo neorromántico da trompa como instrumento romántico. A trompa define unha figura de tresillo que se escoita ao longo da peza como unha especie de motivo nunha partitura chea de numerosas frases solistas e liñas ascendentes, incluídos *glissandos* que van ata os agudos. A liña vocal aseméllase, en certo modo, a unha liña de trompeta máis sinxela, con frases medias e curtas de relativamente poucas notas.

Na primavera de 1944, Geraint Jones escribiu tres poemas: *Let me not see old age* (Que eu non vexa a vellez), *A joy too deep for words to say* (Un gozo demasiado fondo para expresalo con palabras) e *Your peace is bought with mine* (A túa paz mércase coa miña). O 28 de xuño dese ano, morreu nunha batalla en Normandía aos 22 anos. En 2010, Anthony Randall recibiu unha copia dos poemas dun tío ancián e traballou ata obter o permiso da irmá do poeta para compoñer sobre eses textos. Randall escribiu: "Estaba tan cativado polos poemas que me gustaría poñerlle música polo menos a un, pero non farei nada con respecto á peza ata que saiba que podo ter o visto e praxe da familia [...] A escrita é conmovedora, cunha sensación de aprehensión, unha premonición de morte que atravesas os tres poemas que teño. É moi fondo." Os *Tres poemas* de Geraint Jones é unha obra rodeada de traxedia; os poemas son descrições impresionantes de perda e anhelo e fanse máis conmovedores ao saber que foron escritos so meses antes da súa prematura morte. As melodías e harmonías que acompañan as palabras engaden tristura e sentimento a esta obra emocionante. En cada un dos movementos, a voz, a trompa e o piano son iguais e independentes e participan en diálogos intensamente dramáticos nos que afirman, responden, reiteran, realzan, salientan, contradín e elaboran motivos e xestos. Os ritmos e os cambios de métrica de Randall, así como as súas memorables melodías e texturas cambiantes, comunican enxeñosamente o texto sen comprometer os seus ideais creativos. A independencia rítmica resultante dos tres intérpretes é relativamente complexa: a parte da voz é unha partitura completa coa liña vocal formateada máis grande, amplo rango e tesitura moderada. A demanda para a trompa é máis modesta que noutras obras recentes do compositor e a escrita para piano parece idiomática, ben elaborada e apropiadamente expresiva.

Doutor pola Universidade de Yale, **Fernando Buide** (Santiago de Compostela, 1980) ademais, formouse na Universidade Carnegie Mellon de Pittsburgh, así como nos conservatorios de Oviedo e da súa cidade natal. Os seus mestres de órgano foron Antonio Díaz Corveiras e Donald Wilkins. Foi organista titular na igrexa presbiteriana de Forest Hills en Pittsburgh. e colaborou con diferentes formacións, como a Orquestra Sinfónica de Galicia. Como concertista, ofreceu recitais en América e Europa e como compositor, o seu catálogo inclúe desde música de cámara ou para coro ata música sinfónica e ópera. Entre as súas estreas recentes destaca o seu *Concerto para órgano e orquestra*, encomenda da Orquestra Nacional de España, que foi interpretada no órgano Grenzing do Auditorio Nacional de Música de Madrid, con Juan de la Rubia como solista. Entre outros galardóns, recibiu o premio Andrés Segovia – J.M. Ruiz Morales dos Cursos de Música en Compostela, o premio AEOS-BBVA ou as bolsas da Fundación Barrié, Leonardo (da Fundación BBVA) e da Academia de España en Roma.

Nao de sangue é unha obra para soprano, trompa e piano encargada polo trío Preseli no ano 2022. O título está tomado dun dos textos do poemario *Cantos da aguia e do lobo*, de Valentín Paz Andrade, posiblemente escrito en 1937 aínda que publicado postumamente. Estes poemas, escritos en plena Guerra Civil por Paz Andrade, describen as imaxes da aguia e o lobo e a súa loita salvaxe como metáfora dun enfrontamento fratricida. *Nao de sangue* mostra a presenza ameazante e portadora de traxedia que representa a aguia. O texto divídese en tres fragmentos que interpreta a soprano, intercalados por dous interludios musicais. O primeiro interludio cita parte da melodía e harmonía dun himno escrito en galés por Griffith William Hughes *Yn Eden, cofiat hynny byth*. Hughes foi antepasado directo de Simon Lewis, trompista deste trío na estrea. 'No Edén, que profundamente triste aquel día': este antigo himno metodista fala da perda do Edén e a condena ao desterro -desterro como dende o que escribiu Paz Andrade os seus versos-. Esta pegada musical serve tamén de inspiración para outras seccións do trío e, conecta co alento poético da obra. Toda a música de *Nao de sangue* tenta mostrar o carácter ameazador e ominoso dos versos do poeta galego, plasmando en sons o drama que estivera a piques de desatarse.